

**Resolución Reitoral, de 5 de maio de 2016, pola que se publican as bases da convocatoria para a adhesión de empresas e entidades do norte de Portugal ao programa de bolsas para prácticas no ámbito do EURES Transfronteirizo Galiza - Norte de Portugal.**

En virtude das facultades outorgadas na lexislación vixente e nos Estatutos desta Universidade, esta Reitoría:

**RESOLVE:**

Publicar a Convocatoria de adhesión de empresas e entidades do Norte de Portugal ao Programa de bolsas para prácticas no ámbito da Rede Eures Transfronteiriza Galicia - Norte de Portugal.

As bases da convocatoria figuran no documento que se achega á presente Resolución.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ó de recibo desta notificación que se practica por correo certificado con aviso de recibimento de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así e todo, o interesado poderá optar por interpor contra a mesma recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.


Vigo, 5 de maio de 2016

O REITOR,

P.D. RR do 7-05-14 (DOG nº 90, de 13-05-14) e  
do 21-05-14 (DOG nº 100, de 27-05-14)

A VICERREITORA DE ESTUDANTES

Dolores González Álvarez



Dilixencia PARA facer constar que esta Resolución se publica con esta data no taboleiro de anuncios dos Rexistros da Universidade de Vigo.

Vigo, 5 de maio de 2016

O director da Área de Emprego e Emprendemento

Alejandro Martínez Gómez